



### **INFORMACIÓN SOBRE AS AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2021/2022 EN EDUCACIÓN PRIMARIA**



Estimadas familias:

A consellería de Cultura, Educación e Universidade acaba de publicar a convocatoria pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en Educación Primaria.

Teñen toda a información en <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> así como o modelo de solicitude.

#### **DEBERÁN TER EN CONTA O SEGUINTE**

1º **Cubrirase unha soa solicitude por familia** que inclúe a todos os fillos e fillas matriculados no centro.

2º Para poder optar a ditas axudas **é preciso que devolvan os libros do curso actual antes do 18 de xuño de 2021.**

3º É imprescindible **cubrir todas as páxinas cos datos completos**, senón non poderá ser tramitada. A situación familiar e de renda será a que se teña a 31 de decembro de 2019.

#### **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

- ANEXOS I E II
- COPIA DO LIBRO DE FAMILIA OU DOCUMENTO EQUIVALENTE

E DE SER O CASO:

- EN CASO DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO ACHEGAR A SENTENZA XUDICIAL E/OU CONVENIO REGULADOR (onde conste a atribución da custodia do/da menor).
- CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DO ALUMNO/A OU CALQUERA MEMBRO DA FAMILIA (se non fose emitido pola Xunta de Galicia)
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
- NO CASO DE QUE OS PROXENITORES CAREZAN DE DNI OU NIE ENTREGARÁN O CERTIFICADO DE CONVIVENCIA, VOLANTE DE CONVIVENCIA OU INFORME DOS SERVICIOS SOCIAIS.

#### **PRAZO SOLICITUDES DO 21 DE MAIO AO 22 DE XUÑO**

As solicitudes poden presentarse por vía electrónica, no formulario dispoñible na aplicación informática "fondolibros" (<http://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> ou poderán presentarse presencialmente no centro de no seguinte horario: de luns a venres de 09:45 a 10:30 ou de 14:00 a 14:45.